

Orde do 17 de maio de 1983 pola que se regula o funcionamento do Rexistro de Clubs, Federación e entidades deportivas de Galicia

D.O.G. núm.57, do 3 de xuño de 1983

Por Decreto 82/1983, do 21 de abril, creouse, dependente da Dirección Xeral de Deportes, o Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia, e á vista do disposto nel, considérase conveniente proceder, mediante a presente orde, a regula-lo funcionamento deste rexistro, así como o modo de acceder a el as diversas entidades deportivas.

De acordo con estas consideración, e en virtude das atribucións que me foron conferidas no referido decreto, dispoño:

Artigo 1.

O réxime documental do rexistro é o seguinte:

- a) Libro rexistro.
- b) Ficha da entidade.
- c) Libros auxiliares.
- d) Carpeta de documentos.

Artigo 2.

O libro rexistro estará dilixenciado polo Director Xeral de Deportes e nel

anotaranse os datos máis importantes de cada entidade deportiva así como os necesarios para a súa tramitación.

Artigo 3.

A entrada da documentación realizarase no libro rexistro por orde cronolóxica da solicitude e numerada correlativamente, indicando o nome da entidade e as referencias necesarias para a súa identificación no ficheiro correspondente.

Artigo 4.

Ó presenta-la documentación estamparase o selo de asentamento de presentación nos exemplares dos estatutos.

Artigo 5.

Para a inscrición no rexistro é imprescindible a presentación, por cuadriplicado, dos documentos seguintes:

a) Instancia dirixida ó Director Xeral para o Deporte e solicitude de inscrición no referido rexistro.

b) Acta de constitución.

c) Relación dos nomes, número do DNI e domicilio dos promotores ou directivos.

d) Estatutos.

Artigo 6.

Nos estatutos referidos farase consta-lo seguinte:

a) Denominación, que non poderá ser idéntica, nin inducir a confusión respecto a outros xa rexistrados.

b) Modalidade deportiva que se propón practicar como principal.

c) Domicilio social.

d) Forma de funcionamento.

e) Órganos de representación, goberno e administración.

f) Procedemento de admisión e perda da calidade de socio cando se trate de clubs e entidades deportivas.

g) Dereitos e obrigas dos socios en igual caso có anterior.

h) Patrimonio fundacional e réxime económico.

i) Réxime documental.

j) Seccións deportivas que a integran, se existen.

k) Procedemento de reforma dos estatutos.

l) Procedemento de disolución.

Artigo 7.

A inscrición, que será gratuíta, é requisito indispensable para optar a calquera forma de subvención ou axuda que poida concedela Dirección Xeral para o Deporte.

Artigo 8.

En caso de que a inscrición non poida efectuarse por insuficiencia de datos, pediráselle ó interesado que os complete.

Transcorridos trinta días sen emendas as omisións, entenderase que desiste da inscrición solicitada.

Artigo 9.

Os clubs, federacións e entidades deportivas han de solicita-la inscrición no rexistro dos cambios e alteracións que se produzan con relación ós datos consignados, xuntando a documentación correspondente.

Artigo 10.

Realizada a inscrición, comunicarase:

a) Ó presidente da entidade solicitante.

b) Ó Ministerio do Interior.

- c) Á Consellería de Xustiza e Interior.
- d) Ó rexistro provincial de asociacións que corresponda o domicilio social da entidade.
- e) Ó Consello Superior de Deportes.

Artigo 11.

A cancelación das inscricións darase como consecuencia da disolución do club, federación ou entidade deportiva ou por non cumprilo que se establece no artigo 9 desta orde.

A dilixencia de cancelación farase no mesmo asentamento de inscrición.

Artigo 12.

Cancelada a inscrición cesan os dereitos sinalados no artigo 7 desta orde.

Artigo 13.

Por petición dos interesados expedirase certificación das correspondentes inscricións.

disporán dun prazo dun ano para realiza-la inscrición neste rexistro.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.

Primeira.-

O Dirección Xeral para o Deporte poderá dicta-las resolucións que considere oportunas para o desenvolvemento e eficaz execución do que dispón esta orde.

Segunda.-

Esta orde entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Os clubs, federacións e entidades deportivas que, ó entrar en vigor esta orde, xa estivesen inscritos noutros rexistros ou pendentes de inscrición,